

3.4. Educación

EN LIÑA COS OBXECTIVOS DA AXENDA DE LISBOA, OS ORZAMENTOS DA XUNTA PRESENTAN ENTRE AS SÚAS prioridades unha especial atención á educación e á formación de capital humano. No exercicio 2007 o orzamento da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria medrou un 8%, acadando os 2.142,2 millóns de euros, o que supón o 20% do presuposto da Comunidade autónoma. Os principais ámbitos de actuación en materia educativa son os da educación infantil primaria e ESO e ensino secundario e formación profesional, que acollen case o setenta por cento do orzamento da Consellería. Por outro lado, os programas destinados ao ensino universitario acollen o 16,1% do presuposto.

O obxectivo deste capítulo é presentar tanto os principais datos do ensino de réxime xeral e especial como os do ensino universitario. No curso 2007-08 continuou o descenso do número de alumnos tanto no conxunto de centros non universitarios de réxime xeral coma nas tres universidades galegas.

O gasto público en educación en Galicia medrou en 2006 (último dato dispoñible) un 3%, situándose nos 2.161,1 millóns de euros (5,1% do total estatal). Tras este incremento, a súa participación no PIB descende ata o 4,3%, dúas décimas menos que no ano anterior. No conxunto do Estado, esta porcentaxe mantense no 4,3% nos dous anos considerados.

No ámbito normativo cómpre salientar, dunha banda, que o curso 2007-08 foi o primeiro no que se aplicou a LOE, ao pórse en marcha primeiro e segundo de primaria e primeiro e terceiro de ESO. Doutra, no novo marco de ordenación xeral da FP, establecido en 2006, aprobáronse os primeiros títulos de FP e a normativa que permite crear unha rede de centros de referencia estatal. No eido universitario, e no contexto de caída continuada do alumnado, aprobouse a modificación da LOU de 2001, establecéndose ademais unha nova ordenación de ensino universitario oficial e un novo sistema de acreditación en selección para persoal docente investigador. Asemade, o RD 900/2007, de 6 de xullo, aprobou a creación dun comité para a definición do Marco español de cualificacións na educación superior.

Presuposto consolidado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 2007: distribución segundo programas e capítulos

	Capítulos					Total
	I	II	III	IV	VI	
	(en miles de €)					
421A Dirección e servizos xerais de educación	21.744,5	3.214,6	-	164,0	919,4	26.042,5
422A Educación infantil, primaria e ESO	519.355,3	12.036,0	-	206.936,5	41.856,7	780.324,5
422C Ensinanzas universitarias	-	514,6	-	310.554,2	5.150,0	344.889,0
422D Educación especial	13.527,4	704,5	-	10.250,0	200,0	24.681,9
422E Ensinanzas artísticas	22.424,9	1.325,0	-	994,0	4.511,8	29.285,7
422G Ensinanzas especiais	12.198,1	850,0	-	-	1.150,0	14.198,1
422H Outras ensinanzas	-	276,0	-	666,3	1.100,0	2.042,3
422I Formación e perfeccionamento do profesorado	-	564,0	-	100,0	3.336,2	4.000,2
422M Formación e cualificación profesional	9.168,0	9.493,4	-	3.170,0	1.105,8	22.937,2
422N Ensinanza secundaria e formación profesional	596.134,1	29.971,3	134,1	16.580,3	59.508,8	702.328,6
423A Servizos e axudas complementarias ao ensino	11.559,9	138.311,0	-	1.511,9	2.850,0	177.041,7
423B Prevención do abandono escolar	6.847,6	42,0	-	2.464,1	2.025,0	14.378,7
581A Elaboración e difusión estatística	-	-	-	-	13,0	13,0
Total	1.212.959,8	197.302,4	134,1	553.391,3	123.726,7	2.142.163,4

Fonte: Xunta de Galicia, Presupostos xerais da C.A.

3.4.1.

Gasto público en educación nas CC.AA. 2005-06

	2005		2006 (1)		06/05
	(en millóns de €)	(%)	(en millóns de €)	(%)	(%)
Andalucía	6.047,60	15,5	6.239,80	14,8	3,2
Aragón	926,97	2,4	986,75	2,3	6,4
Asturias	785,68	2,0	850,85	2,0	8,3
Baleares	700,49	1,8	716,03	1,7	2,2
Canarias	1.635,50	4,2	1.619,23	3,8	-1,0
Cantabria	421,52	1,1	447,29	1,1	6,1
Castela e León	2.087,67	5,4	2.045,15	4,8	-2,0
Castela-A Mancha	1.560,82	4,0	1.564,11	3,7	0,2
Cataluña	5.278,80	13,5	5.426,01	12,8	2,8
C. Valenciana	3.495,52	9,0	3.673,37	8,7	5,1
Extremadura	890,70	2,3	889,57	2,1	-0,1
Galicia	2.098,33	5,4	2.161,10	5,1	3,0
Madrid	4.440,24	11,4	4.708,27	11,1	6,0
Murcia	1.038,97	2,7	1.106,44	2,6	6,5
Navarra	543,22	1,4	532,69	1,3	-1,9
País Vasco	2.139,71	5,5	2.151,20	5,1	0,5
A Rioxa	214,86	0,6	216,15	0,5	0,6
Total	38.959,99	100	42.231,13	100	8,4
MEC e Administracións educativas CC.AA.	33.960,85	87,2	36.930,79	87,4	8,7
Partidas de axuste (2)	- 1.714,72	- 4,4	- 1.930,74	- 4,6	12,6

(1) datos provisionais

(2) Financiamento privado incluído en educación universitaria e transferencias de AA.EE. a Entidades locais.

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de Ministerio de Educación, Política Social y Deporte

3.4.2.

Ensinos de réxime xeral

A diferenza do acontecido no conxunto do Estado, onde medra tanto o número de profesores como de alumnos e centros onde se imparte este tipo de ensino, Galicia experimenta no último curso lectivo un descenso do número de centros e alumnos. Nos centros de ensino de réxime xeral o número de alumnos matriculados foi de 367.473, un 1% menos que no curso anterior, descendendo a súa importancia relativa no total estatal ata o 5,1%. O número de profesores nos centros galegos medrou no último ano un 0,6%, tres puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado, acadando os 36.763 profesores (o 5,8% do profesorado en España).

Atendendo á distribución segundo centros públicos e privados, Galicia presenta unha maior proporción de centros públicos que a media estatal. Os datos do **cadro 3.4.3.** indican que case oito de cada dez centros escolares son públicos fronte aos sete de media no conxunto do Estado. A estes centros públicos asisten en Galicia o 71,7% dos alumnos e imparten clase o 79,8% dos profesores, mentres que a media estatal foi do 67,4% dos alumnos e o 73,3% dos profesores.

Centros, profesorado e alumnos matriculados nas CC.AA. no curso 2007-08 (1)

	Centros		Profesorado		Alumnado	
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Andalucía	4.076	3.011	1.065	111.051	88.859	22.192
Aragón	784	520	264	17.994	13.006	4.988
Asturias	483	385	98	13.329	10.669	2.660
Baleares	453	315	138	14.659	10.446	4.213
Canarias	1.033	879	154	27.484	22.691	4.793
Cantabria	295	210	85	8.417	6.332	2.085
Castela e León	1.284	964	320	34.560	26.019	8.541
Castela - A Mancha	1.046	890	156	31.778	27.732	4.046
Cataluña	4.307	2.948	1.359	101.573	67.895	33.678
C. Valenciana	2.221	1.533	688	66.957	50.095	16.862
Extremadura	666	562	104	16.782	14.384	2.398
Galicia	1.738	1.378	360	36.763	29.349	7.414
Madrid	3.010	1.514	1.496	84.311	49.764	34.547
Murcia	758	570	188	22.350	17.870	4.480
Navarra	380	312	68	8.911	6.311	2.600
País Vasco	1.052	691	361	32.372	19.245	13.127
Rioxa	122	84	38	3.978	2.931	1.047
Ceuta	31	23	8	1.387	1.134	253
Melilla	31	22	9	1.327	1.147	180
Total	23.770	16.811	6.959	635.983	465.879	170.104
Galicia / España	7,3	8,2	5,2	5,8	6,3	4,4

(1) Ensino de réxime xeral: inclúe o alumnado en Ed. Infantil, Ed. Primaria, Centros Ed. Primaria e E.S.O., Centros E.S.O. e/ou Bach. e/ou F.P., Centros Ed. Primaria, E.S.O. e Bach./F.P., Centros Específicos Ed. Especial, Centros Específicos Educación a distancia e Centros que imparten combinacións de ensinanzas de Réxime Xeral non consideradas noutros tipos de centros.

Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, Estadísticas de la educación en España

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.**
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Centros docentes en funcionamento nos cursos 2006-07 e 2007-08: distribución segundo as ensinanzas que imparten

	2006-07			2007-08		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Ed. infantil	1.336	1.072	264	1.315	1.048	267
Ed. Primaria	949	754	195	930	735	195
Ed. Especial (1)	36	14	22	35	14	21
ESO	520	340	180	513	333	180
Bacharelato - Rex. Ordinario	293	224	69	293	224	69
Bacharelato - Rex. Adultos	38	37	1	46	44	2
Bacharelato a distancia	1	1	-	1	1	-
C.F.Gr. Medio - Rex. Ordinario	197	142	55	198	142	56
C.F.Gr. Medio - Rex. Adultos	32	32	-	38	38	-
C.F.Gr. Superior - Rex. Ordinario	163	125	38	174	133	41
C.F.Gr. Superior - Rex. Adultos	25	25	-	34	34	-
Programas de Garantía Social	158	139	19	150	131	19
Total	3.748	2.905	843	3.727	2.877	850

(1) Refírese a centros específicos de E. especial e a centros ordinarios con unidades substitutorias de E. especial.
Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, Estadísticas de la educación en España

3.4.4.

Alumnado matriculado no curso 2006-07 e 2007-08: distribución segundo ensino e tipo de centro

	Curso 2006-07			Curso 2007-08		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Educación Infantil	71.200	48.729	22.471	73.731	50.204	23.527
Educación Primaria	123.609	84.070	39.539	124.927	85.463	39.464
Educación Especial	1.018	584	434	999	610	389
E.S.O.	98.394	68.944	29.450	94.938	66.116	28.822
Bachillerato (2)	37.606	31.473	6.133	36.455	30.536	5.919
Bachillerato a distancia	2.425	2.425	-	2.092	2.092	-
Grao Medio (2)	16.974	13.904	3.070	15.698	12.696	3.002
Grao Superior (2)	17.512	15.018	2.494	16.577	14.053	2.524
Programas Garantía Social (3)	2.404	2.014	390	2.056	1.673	383
Total	371.142	267.161	103.981	367.473	263.443	104.030

(1) O alumnado de E. Infantil en primeiro ciclo estímase en función do número de prazas ofertadas

(2) Inclúe o alumnado de Réxime Ordinario e de Réximen de Adultos.

(3) Inclúe o alumnado de Programas de Garantía Social en centros docentes e en actuacións fóra de centros.

Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, Estadísticas de la educación en España

3.4.5.

Profesorado nos cursos 2006-07 e 2007-08: distribución segundo nivel de ensinanza que imparten (1)

	Curso 2006-07			Curso 2007-08		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Educación infantil e primaria	13.768	10.672	3.096	15.778	12.322	3.456
E.S.O., bacharelato e F.P.	18.880	15.730	3.150	20.000	16.662	3.338
Ambos grupos de niveis (2)	3.544	2.454	1.090	654	140	514
Educación especial (3)	358	244	114	331	225	106
Total	36.550	29.100	7.450	36.763	29.349	7.414

(1) Non inclúe o profesorado que imparte Primeiro ciclo de E. Infantil, por non dispoñer desta información.

(2) Refírese ao profesorado que compatibiliza o ensino en E. Infantil, E. Primaria e en E.S.O., Bacharelato e FP.

(3) Refírese ao profesorado de centros específicos de E. Especial e de aulas de E. Especial en centros ordinarios.

Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, Estadísticas de la educación en España

3.4.6.

Número de alumnos por unidade/grupo nos cursos 2006-07 e 2007-08: distribución segundo ensino (1)

	Curso 2006-07			Curso 2007-08		
	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total
E. Infantil segundo ciclo (1)	16,4	22,2	17,9	16,8	22,6	18,3
E. Primaria (2)	15,8	22,2	17,4	16,2	22,2	17,7
E. Especial (3)	4,8	4,5	4,7	4,5	4,3	4,4
E.S.O.	19,6	24,7	20,9	19,4	24,1	20,6
Bacharelato (4)	21,3	19,6	21,0	20,9	18,9	20,5
C.F. Grao Medio (4)	16,7	15,7	16,5	14,7	18,2	14,9
C.F. Grao Superior (4)	18,5	14,4	17,7	16,8	14,9	16,4
Programas de Garantía Social (5)	9,8	11,1	10,0	8,2	11,6	8,7

(1) Unidades con alumnado de E. Infantil Segundo ciclo e mixtas de ambos ciclos.

(2) Unidades con alumnado de E. Infantil e E. primaria. Tamén inclúe unidades de E. primaria con alumnado de primeiro ciclo de E.S.O.

(3) Inclúe as unidades de centros específicos e as aulas de Educación especial en centros ordinarios.

(4) Réxime ordinario.

(5) Inclúese o alumnado e as unidades destes programas en centros e actuacións.

Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, Estadísticas de la educación en España

3.4.7.

Taxa bruta de escolaridade no curso 2006-07: distribución segundo nivel de ensino

	Primeiro ciclo E. Infantil (0 - 2 anos) (1)	Segundo ciclo E. Infantil (3 - 5 anos) (1)	Bacharelato (16 - 17 anos) (2)	Programas Garantía Social (16 - 17 anos)	Ciclos Formativos Grado Medio (16 - 17 anos) (2)	Ciclos Formativos Superior (18 - 19 anos) (2)
	(%)					
Andalucía	6,6	100,3	64,3	3,6	26,5	19,7
Aragón	30,4	101,2	67,9	7,5	29,8	26,1
Asturias	10,5	101,3	76,5	4,1	30,7	33,3
Baleares	11,2	90,4	56,1	4,2	22,3	11,2
Canarias	-	95,5	71,4	4,8	27,5	23,0
Cantabria	19,2	100,0	76,6	4,2	33,8	26,7
Castela e León	12,3	102,2	86,7	8,5	29,7	26,8
Castela-A Mancha	2,5	108,1	64,5	5,9	21,2	18,1
Cataluña	33,1	98,0	64,7	4,0	28,7	27,9
C. Valenciana	14,6	95,8	57,9	3,7	28,4	22,9
Extremadura	2,7	101,4	66,6	4,3	23,9	17,9
Galicia	17,6	99,8	79,2	4,2	32,2	31,7
Madrid	35,8	92,8	76,3	5,3	17,8	21,1
Murcia	16,1	98,3	65,5	8,8	21,7	17,0
Navarra	27,3	100,5	68,7	8,2	28,4	26,0
País Vasco	48,1	101,9	87,4	12,2	30,9	41,6
A Rioxa	6,4	102,6	66,1	6,2	33,7	25,1
Ceuta	4,5	106,8	63,2	23,4	22,6	33,5
Melilla	16,7	94,3	73,5	12,2	21,1	16,5
TOTAL	19,9	98,3	68,8	5,1	26,6	23,7

Para o cálculo das taxas empregáronse as Proxeccións de Poboación Base Censo 2001 do INE. O desaxuste entre as cifras proxectadas e a evolución real da poboación podería afectar á calidade dos resultados deste indicador por C.A..

(1) Taxa neta para o grupo de idade referido.

(2) O alumnado de Primeiro ciclo de E. Infantil estimado en función do número de prazas ofertadas

Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, Estadísticas de la educación en España

3.4.8.

Tendo en conta a devandita evolución do alumnado e do profesorado, no último curso descende a ratio alumno/profesor, que acada os 10 alumnos en Galicia (10,2 alumnos no curso anterior), sendo esta relación de 9 alumnos nos centros públicos e de 14 nos centros privados. No conxunto do Estado tamén se reduce a devandita ratio, situándose nos 11,4 alumnos por profesor (10,5 alumnos nos centros públicos e 13,8 alumnos por profesor nos privados).

No que atinxe aos diferentes niveles educativos, continúa a medra do alumnado tanto nos centros de educación infantil, que acadan os 73.731 alumnos no curso 2007/08 como nos de educación primaria, con 124.927 alumnos. Tanto nun caso como noutro, sesenta e oito de cada cen alumnos acude aos centros públicos de ensino.

Nas outras etapas de escolarización experimentábase un descenso do seu alumnado, salientando os rexistrados nos centros da ESO, con 3.456 persoas menos (un 3,5%), e nos ciclos formativos de Formación Profesional, con 2.211 alumnos menos que no curso anterior (un 6,4%).

Xunto á escolarización, cómpre facer referencia a dous indicadores relativos ao nivel formativo acadado pola poboación: o abandono educativo prematuro e o nivel de formación da poboación nova. O 25,6% da poboación galega de 18 a 24 anos non completou en 2006 (último dato dispoñible) o nivel de educación secundaria 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación (29,9% no sistema educativo español). Comparado co resto das CC.AA., Galicia sitúase como a sétima comunidade con menor abandono educativo, por detrás de Navarra, País Vasco, Asturias, Cantabria, Castela e León e Madrid.

Ao igual que no conxunto do Estado, o abandono escolar prematuro é superior no caso dos homes que no das mulleres, situándose estas porcentaxes en Galicia no 34,3% e 16,5%, respectivamente. A diferenza do que sucede en España, este indicador descende entre os anos 2001 e 2006, tanto no caso dos homes coma das mulleres.

Canto ao nivel de formación da poboación nova, entre os dous anos considerados Galicia experimentou unha medra da porcentaxe de persoas entre 20 e 24 anos que completou ao menos o nivel de Ensinanza Secundaria 2ª etapa. En 2006, esta porcentaxe situouse no 67,5%, case seis puntos por riba da media estatal, sendo esta porcentaxe do

- 1.1.
- 1.2.
- 1.3.
- 1.4.
- 1.5.
- 1.6.
- 2.1.
- 2.2.
- 2.3.
- 3.1.
- 3.2.
- 3.3.
- 3.4.**
- 3.5.
- 3.6.
- 4.1.
- 4.2.

Abandono educativo prematuro ⁽¹⁾ nas CC.AA. 2001-06: distribución segundo sexos

	Total			Homes			Mulleres		
	2001	2005	2006	2001	2005	2006	2001	2005	2006
	(%)								
Andalucía	34,6	37,1	36,8	40,1	42,7	43,4	28,8	31,4	30,1
Aragón	21,3	24,1	28,7	27,1	30,6	36,8	15,3	17,1	20,2
Asturias	18,1	18,3	22,3	24,0	25,5	30,5	12,2	10,8	14,0
Baleares	38,9	40,0	34,9	47,9	45,8	44,7	29,5	33,9	24,3
Canarias	36,1	32,2	34,8	43,6	36,0	40,9	28,7	28,1	28,8
Cantabria	24,4	21,8	23,7	29,7	25,5	29,7	19,3	18,0	16,5
Castela e León	22,1	25,1	24,2	29,6	30,8	30,4	14,4	18,9	17,7
Castela - A Mancha	36,3	35,0	37,9	44,1	41,5	46,6	28,1	27,9	28,8
Cataluña	29,6	34,1	27,0	35,1	42,4	32,3	24,0	25,2	21,7
C. Valenciana	34,8	32,4	30,3	40,8	40,1	36,8	28,8	24,6	23,7
Extremadura	38,1	36,4	35,5	45,2	44,4	45,7	30,7	27,9	24,7
Galicia	27,1	23,6	25,6	35,4	30,6	34,3	18,8	16,3	16,5
Madrid	20,7	26,2	25,3	26,6	27,0	27,6	14,8	25,5	23,0
Murcia	37,5	38,1	39,1	46,6	43,7	41,9	27,4	32,3	35,8
Navarra	16,2	17,2	12,0	22,6	18,3	12,6	9,5	16,1	11,2
País Vasco	15,5	13,9	14,3	21,1	17,4	20,1	9,7	10,0	8,4
Rioxa	27,2	29,3	26,4	33,0	34,7	28,8	21,2	23,6	23,9
Ceuta e Melilla	29,8	43,2	45,7	33,7	49,6	46,0	25,3	37,4	45,3
Total	29,2	30,8	29,9	35,6	36,4	35,7	22,7	25,0	23,7

(1) Porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos que non completou o nivel de Ensino Secundario 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación

Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, Estadísticas de la educación en España

3.4.9.

Nivel de formación da poboación nova ⁽¹⁾ nas CC.AA. 2001 e 2006: distribución segundo sexos

	Total		Homes		Mulleres	
	2001	2006	2001	2006	2001	2006
	(%)					
Andalucía	58,6	52,3	52,8	45,4	64,6	59,5
Aragón	75,5	67,9	70,7	59,8	80,7	76,5
Asturias	73,8	67,0	65,7	59,2	82,2	75,1
Baleares	50,7	51,0	39,5	41,7	62,1	60,6
Canarias	54,5	54,4	48,5	47,9	60,6	61,1
Cantabria	69,8	69,6	62,3	61,4	77,4	78,1
Castela e León	69,7	67,1	62,5	61,1	77,1	73,5
Castela - A Mancha	57,7	54,2	50,4	43,9	65,5	65,1
Cataluña	65,4	65,7	61,7	59,8	69,2	71,8
C. Valenciana	58,4	61,8	52,1	53,5	65,0	70,4
Extremadura	55,5	54,6	50,6	45,7	60,6	64,1
Galicia	66,6	67,5	56,2	55,5	77,3	79,8
Madrid	75,7	66,4	70,0	61,2	81,4	71,8
Murcia	58,4	51,9	48,8	45,4	68,8	59,0
Navarra	79,8	82,9	72,9	84,2	87,2	81,4
País Vasco	81,4	81,2	76,4	75,3	86,5	87,3
Rioxa	71,9	64,8	66,7	59,1	77,4	70,9
Ceuta e Melilla	56,1	39,4	50,5	39,7	62,8	39,0
Total	65,0	61,6	58,8	54,6	71,4	69,0

(1) Porcentaxe de poboación entre 20 e 24 anos que completou polo menos o nivel de Ensino Secundario 2ª etapa

(2) Calculado coa nova metodoloxía establecida por Eurostat, baseándose en medias anuais de datos trimestrais

Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, Estadísticas de la educación en España

3.4.10.

66,6% no ano 2001. Comparado co resto das CC.A., os datos recollidos no **cadro 3.4.10.** amosan que Galicia se sitúa coma a quinta comunidade coa maior porcentaxe, por detrás de Navarra, País Vasco, Cantabria e Aragón.

As mulleres presentan un nivel educativo superior ao dos homes, sendo a porcentaxe de mulleres entre 20 e 24 anos con estudos de educación secundaria 2ª etapa rematados, do 78,8% fronte ao 55,5% no caso dos homes. Tanto nun caso como noutro, esta porcentaxe é superior á rexistrada no conxunto de España, sendo o diferencial de case 11 puntos no caso das mulleres.

Alumnado estranxeiro en Galicia e España 2006-07

	curso 06/07		curso 07/08	
	Galicia	España	Galicia	España
TOTAL	11.586	609.611	13.422	695.190
Réxime xeral	10.277	592.986	11.302	672.205
E. Infantil (1)	1.371	104.207	1.571	118.007
E. Primaria	4.616	262.415	5.138	292.457
E. Especial	24	2.205	37	2.760
E.S.O.	3.045	169.490	3.362	197.184
Bacharelato	518	25.120	586	27.181
Ciclos formativos de F.P.	583	23.497	559	27.547
Prog. garantía social	120	6.052	49	7.069
Réxime especial	1.309	16.625	2.120	22.985
EE. Artísticas	120	2.995	160	3.176
EE. de Idiomas	1.189	13.619	1.960	15.178
EE. Deportivas	-	11	-	43
Non consta Ensinanza	-	-	-	4.588

(1) En E. Infantil no se inclúe el alumnado extranjero de Primer ciclo, por no disponer de esta información.
 Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, Estadísticas de la educación en España

3.4.11.

Alumnado estranxeiro en Galicia e España 2006-07: distribución segundo nacionalidade

	curso 07/08		curso 06/07	
	España (%)	Galicia (%)	España (%)	Galicia (%)
TOTAL	695.190	13.422	609.611	11.586
Unión Europea	176.687	2.549	149.410	24,5
Alemaña	10.220	250	1,9	
Bulgaria	16.642	94	0,7	
Francia	8.883	245	1,8	
Italia	9.814	232	1,7	
Portugal	9.478	939	7,0	
Reino Unido	24.923	67	0,5	
Romanía	75.599	494	3,7	
Resto de Europa	25.971	924	22.476	3,7
África	135.086	1.200	119.007	19,5
Marrocos	107.812	826	6,2	
América do Norte	6.609	266	6.075	1,0
América Central	25.328	745	21.315	3,5
América do Sur	291.258	7.258	260.184	42,7
Arxentina	31.577	1.243	9,3	
Bolivia	34.500	239	1,8	
Brasil	14.893	1.332	9,9	
Chile	8.158	147	1,1	
Colombia	54.558	1.693	12,6	
Ecuador	101.364	258	1,9	
Perú	19.196	407	3,0	
Uruguai	10.541	893	6,7	
Venezuela	11.277	959	7,1	
Asia	33.064	429	29.387	4,8
China	17.784	322	2,4	
Oceanía	325	15	302	0,0
Non consta país	862	36	1.455	0,2

Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, Estadísticas de la educación en España

3.4.12.

Finalmente, no que ao alumnado estranxeiro se refire, cómpre salientar que a pesar do descenso do alumnado en Galicia, ao longo do último curso o número de alumnos de nacionalidade estranxeira medrou un 10% (1.025 alumnos máis), 3,4 puntos porcentuais menos que no conxunto do Estado. Atendendo á distribución segundo nivel educativo, destaca o feito de que o 40% do incremento do alumnado en primaria ven explicado pola medra do número de persoas estranxeiras.

Respecto á nacionalidade dos alumnos estranxeiros en Galicia, o 52,6% dos alumnos proceden de Colombia, Brasil, Arxentina, Venezuela, Portugal e Uruguai, mentres no conxunto do Estado esta porcentaxe sitúase no 19%.

Centros, profesorado e alumnos matriculados nas CC.AA. nos ensinos de réxime especial 2007-08 (1)

	Centros			Profesorado			Alumnado		
	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados	Total	Públicos	Privados
Andalucía	245	225	20	4.225	3.952	273	88.972	86.972	2.000
Aragón	59	59	-	1.326	1.128	198	26.597	25.315	1.282
Asturias	26	19	7	637	544	93	10.903	10.462	441
Baleares	21	17	4	515	487	28	11.690	11.627	63
Canarias	73	67	6	1.346	1.277	69	46.212	45.966	246
Cantabria	21	8	13	265	209	56	8.040	7.413	627
Castela e León	104	89	15	1.973	1.763	210	43.396	41.800	1.596
Castela - A Mancha	75	65	10	1.461	1.346	115	29.139	28.226	913
Cataluña	322	208	114	6.779	5.221	1.558	107.110	85.632	21.478
C. Valenciana	128	77	51	3.383	2.725	658	63.613	59.796	3.817
Extremadura	19	17	2	403	394	9	11.242	11.165	77
Galicia	180	119	61	2.769	2.286	483	48.058	42.772	5.286
Madrid	192	163	29	3.950	3.556	394	108.214	106.481	1.733
Murcia	33	23	10	778	712	66	14.773	14.387	386
Navarra	62	55	7	907	846	61	23.520	22.468	1.052
País Vasco	131	63	68	-	-	-	64.648	46.024	18.624
Rioxa	16	14	2	303	270	33	7.801	7.016	785
Ceuta	2	2	-	35	35	-	926	926	-
Melilla	3	3	-	87	87	-	1.323	1.323	-
Total	1.712	1.293	419	31.142	26.838	4.304	716.177	655.771	60.406
Galicia / España	10,5	9,2	14,6	8,9	8,5	11,2	6,7	6,5	8,8

(1) Escuelas que imparten ensinos non conducentes a títulos con validez académica ou profesional, reguladas polas Administracións Educativas.
Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, Estadísticas de la educación en España

3.4.13.

Alumnado matriculado nos centros de ensino de réxime especial nas CC.AA. 2007: distribución segundo tipo de ensino

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	España	G / E (%)
Artes plásticas e deseño	1.338	602	218	318	200	23.149	5,8
Ciclos formativos							
Grao medio	77	11	14	34	18	2.957	2,6
Grao Superior	681	328	89	166	98	14.752	4,6
Estudios Superiores							
Conser. e restauración	84	-	-	-	84	572	14,7
Deseño	496	263	115	118	-	4.712	10,5
Cerámica / Vidro	-	-	-	-	-	156	-
Música	20.310	7.970	2.870	1.994	7.476	278.428	7,3
Ens. regrados							
Grao elemental	5.278	2.529	780	587	1.382	44.036	12,0
Grao medio	3.801	1.652	542	325	1.282	37.606	10,1
Grao superior	815	602	-	-	213	7.738	10,5
Ens. non regrados (1)	10.416	3.187	1.548	1.082	4.599	189.048	5,5
Danza	1.358	605	127	241	385	30.069	4,5
Ens. regrados							
Grao elemental	196	77	104	-	15	3.992	4,9
Grao medio	68	45	23	-	-	2.854	2,4
Grao superior	-	-	-	-	-	593	-
Ens. non regrados (1)	1.094	483	-	241	370	22.630	4,8
Arte Dramático	91	-	-	-	91	1.820	5,0
Idiomas	24.843	9.841	2.831	4.713	7.458	379.597	6,5
Nivel básico	10.602	3.806	1.070	2.209	3.517	175.304	6,0
Nivel intermedio	7.063	2.352	957	1.649	2.105	101.691	6,9
Ciclo superior	5.837	2.798	688	732	1.619	70.019	8,3
Ciclo elemental a distancia	1.341	885	116	123	217	32.583	4,1
Deportivas	118	51	11	-	56	3.114	3,8
Grao medio	112	45	11	-	56	2.902	3,9
Grao superior	6	6	-	-	-	212	2,8
Total	48.058	19.069	6.057	7.266	15.666	716.177	6,7

(1) Ensinanzas non conducentes a títulos con validez académica ou profesional, impartidas en escolas reguladas polas Administracións educativas.
Fonte: Ministerio de Educación, Política Social y Deporte, Estadísticas de la educación en España

3.4.14.

Alumnos matriculados no sistema universitario nos cursos 2006-07 e 2007-08: distribución segundo ramas de ensino

	Curso 2006-07					
	Total	Humanidades	Ciencias experimentais	Sociais e xurídicas	Técnicas	Ciencias da saúde
Andalucía	226.944	19.601	17.593	115.112	52.210	22.428
Aragón	31.755	2.200	2.203	14.032	9.816	3.504
Asturias	27.984	1.868	2.394	12.567	9.250	1.905
Baleares	13.363	1.134	858	8.907	1.639	825
Canarias	44.339	3.893	1.812	22.060	12.215	4.359
Cantabria	10.777	403	246	4.752	4.355	1.021
Castela e León	83.577	7.226	6.074	36.246	26.030	8.001
Castela-A Mancha	26.633	2.606	944	13.699	6.978	2.406
Cataluña	175.058	17.602	13.923	79.338	46.671	17.524
Estremadura	23.317	1.319	1.561	10.703	6.531	3.203
Galicia	70.840	5.237	5.490	33.168	19.592	7.353
A Coruña	20.980	504	915	9.410	9.006	1.145
Santiago	28.072	2.844	3.053	13.669	3.223	5.283
Vigo	21.788	1.889	1.522	10.089	7.363	925
Madrid	231.799	15.839	17.564	110.600	64.779	23.017
Murcia	37.906	2.758	2.768	19.718	8.068	4.594
Navarra	16.020	334	854	6.268	5.966	2.598
País Vasco	56.862	4.472	3.115	26.879	18.837	3.559
A Rioxa	6.453	1.255	368	3.041	1.547	242
C. Valenciana	138.837	12.296	10.169	60.659	42.771	12.942
UNED	144.649	24.932	6.274	94.466	18.977	-
Oberta de Cataluña	38.781	3.778	-	27.655	7.348	-
Total	1.405.894	128.753	94.210	699.870	363.580	119.481

	Curso 2007-08					
	Total	Humanidades	Ciencias experimentais	Sociais e xurídicas	Técnicas	Ciencias da saúde
Andalucía	225.212	19.003	16.629	116.182	50.978	22.420
Aragón	31.018	2.151	2.042	14.154	9.148	3.523
Asturias	26.330	1.733	2.230	11.822	8.558	1.987
Baleares	13.394	1.145	842	9.011	1.550	846
Canarias	43.792	3.684	1.707	22.256	11.796	4.349
Cantabria	10.434	385	240	4.432	4.258	1.119
Castela e León	80.437	6.294	5.820	36.639	23.846	7.838
Castela-A Mancha	26.662	2.450	861	14.199	6.689	2.463
Cataluña	174.181	17.297	14.442	79.744	44.246	18.452
Estremadura	22.687	1.244	1.382	10.651	6.175	3.235
Galicia	67.830	4.960	4.958	32.155	18.423	7.334
A Coruña	20.124	470	819	9.011	8.655	1.169
Santiago	26.959	2.714	2.840	13.198	2.954	5.253
Vigo	20.747	1.776	1.299	9.946	6.814	912
Madrid	231.535	15.169	16.819	112.231	63.147	24.169
Murcia	37.636	2.777	2.632	19.542	7.824	4.861
Navarra	15.817	338	769	6.210	5.833	2.667
País Vasco	53.931	4.237	3.007	25.525	17.836	3.326
A Rioxa	6.176	1.234	366	2.899	1.431	246
C. Valenciana	137.980	11.979	9.804	61.843	41.137	13.217
UNED	144.149	24.401	6.471	95.775	17.502	-
Oberta de Cataluña	40.183	3.923	-	28.955	7.305	-
Total	1.389.384	124.404	91.021	704.225	347.682	122.052

Fonte: Ministerio de Ciencia e Innovación

3.4.15.

No que atinxe á desagregación segundo nivel de estudos, os datos recollidos no **cadro 3.4.11.** amosan o incremento do alumnado en todos os tipos de ensino agás nos ciclos formativos e nos programas de garantía recíproca. Deses novos 1.025 alumnos, 525 corresponden á educación primaria, e 317 á ESO.

Ensinos de réxime especial

Xunto aos estudos de réxime xeral, Galicia conta con 180 centros nos que se imparten os dos ciclos formativos de artes plásticas e deseño, conservación e restauración de bens culturais, estudos superiores de deseño, cerámica e vidro, ensinados da música e da danza (regrados e non regrados), ensinados de arte dramático, ensinados das escolas oficiais de idiomas e ensinados deportivos.

Neses centros impartían clase un total de 2.769 profesores, o 8,5% do total estatal, asistindo ás mesmas 48.058 alumnos, o 6,7% dos alumnos españois. Os estudos con

1.1.
1.2.
1.3.
1.4.
1.5.
1.6.
2.1.
2.2.
2.3.
3.1.
3.2.
3.3.
3.4.
3.5.
3.6.
4.1.
4.2.

maior número de alumnos son os de idiomas, con 24.843 persoas (6,5% do total estatal) dos que 10.602 cursan o nivel básico. Séguelle en importancia os correspondentes aos estudos musicais, con 20.310 alumnos, o 7,3% dos estudantes en España.

Comparado co ano anterior, a medra de case 4.000 alumnos nos centros de réxime xeral ven motivada fundamentalmente polo incremento rexistrado no alumnado nos ensinos musicais, con 2.200 alumnos máis, e na Escola Oficial de Idiomas, que conta con case 1.700 alumnos máis.

No que ao alumnado estranxeiro se refire, no último curso hai un total de 2.120 persoas matriculadas (811 máis que no ano anterior), das que 1.960 o están nos centros das escolas de idiomas.

Educación universitaria

As universidades galegas volven a presentar, ao igual que o conxunto de universidades españolas, unha redución do seu alumnado. O número de alumnos matriculados no primeiro e segundo ciclo, **cadro 3.4.15.**, descendeu en Galicia un 4,2% (3.010 alumnos), acadando os 67.830 alumnos no curso 2007/08. A Universidade de Santiago de Compostela segue sendo a de maior número de alumnos, con 26.959 persoas, o 39,7% dos universitarios galegos, seguida pola de Vigo, 20.747 alumnos (30,6%) e a de A Coruña, con 20.124 alumnos (29,7%). En termos relativos, a caída máis importante volve a producirse na universidade de Vigo, cun descenso do 4,8% respecto ao curso anterior, seguida da de A Coruña, cun 4,1%, e a de Santiago de Compostela, cun 4%.

En relación ao curso lectivo anterior, no curso 2007/08 aumenta a porcentaxe de mulleres que estuda nas universidades galegas ata o 58,6%. Cómpre salientar a elevada presenza de mulleres na Universidade de Santiago de Compostela, onde as universitarias representan máis do 65% dos alumnos matriculados, fronte ao 54% de Vigo e A Coruña.

Case a metade dos estudantes galegos matriculados seguen estudos pertencentes ás ciencias sociais e xurídicas (47,4%), seguíndolle en importancia as carreiras técnicas, cun 27,2% dos alumnos, e as ciencias da saúde, con aproximadamente un once por cento dos mesmos. No último ano, a presenza de alumnos estranxeiros segue sendo reducida, acadando o 1,2% do total de alumnos matriculados (830 persoas) fronte ao 2,3% da media española. ■

1.1.

1.2.

1.3.

1.4.

1.5.

1.6.

2.1.

2.2.

2.3.

3.1.

3.2.

3.3.

3.4.

3.5.

3.6.

4.1.

4.2.